

INFORME DE ACREDITACIÓN DE MÉRITOS REFERIDOS AO OUTORGAMENTO DE VÍAS PÚBLICAS AOS ALCALDES QUE FORMARON PARTE DAS COPORACIÓNS DEMOCRÁTICAS DE AMOEIRO QUE EMITE D. ADOLFO GONZÁLEZ NÓVOA

D. Adolfo González Nóvoa, Concelleiro deste municipio, e Xuíz Instrutor - segundo o Decreto de Alcaldía de 29 de agosto de agosto de 2014- do procedemento de acreditación de méritos dos Alcaldes que formaron parte das corporacións democráticas do Concello de Amoeiro co obxecto de examinar a posible asignación de vías pública aos mesmos emite, de acordo co establecido no artigo 12 do Regulamento de Honra e Distincións actualmente vixente, o seguinte

INFORME RAZONADO DE ACREDITACIÓN DE MÉRITOS REFERIDOS AO OUTORGAMENTO DE VÍAS PÚBLICAS AOS ALCALDES QUE FORMARON PARTE DAS COPORACIÓNS DEMOCRÁTICAS DE AMOEIRO

Concorren na proposta de asignación de vías públicas aos Alcaldes que formaron parte das Corporacións Democráticas de Amoeiro cinco persoeiros da vida municipal que simbolizan o compromiso dun pobo ben coa instauración ou ben coa restauración dos valores democráticos dende os consistorios que rexeron en diferentes momentos históricos: os Ilustres Sres. D. Castor Sánchez Martínez, D. Manuel Vázquez González, D. José María González González, D. José González Pérez e D. Manuel Fernández Rincón.

Foi responsabilidade de tres alcaldes iniciar, soste e defender a democracia no Concello de Amoeiro, acontecendo este fito durante a II República, momento no que afrontaron o reto de cambiar estruturas administrativas e valores propios de etapas predemocráticas previas. Neste senso, compre subliñar o programa de moralización da actividade dos empregados e profesionais ó servizo do concello co obxecto de mellorar a atención á veciñanza, que aparece recollidas nas actas municipais, e que xa fora

Informe de Acreditación de Méritos

subliñado por D. Xulio Prada Rodríguez e D. Raúl Soutelo Vázquez no seu informe de acreditación de méritos para outorgar as Medallas de Ouro de Amoeiro a D. Castor Sánchez Martínez, D. Manuel Vázquez González e D. José María González González; o informe destes prestixiosos especialistas sinalou este e outros merecementos dos alcaldes mencionados, e amosou -no seu conxunto- o fondo compromiso dos mesmos coa mellora das condicións de vida a través de medidas como a construción da maior rede de viarios da historia municipal, a rehabilitación e creación de escolas, vivendas para mestres e cantinas para os cativos e o seu apoio ao desenvolvemento e a autonomía ó abrazar o Estatuto de Galicia.

D. Castor Sánchez Martínez, Alcalde entre o 5 de xuño de 1931 e o 11 de outubro de 1934 e dende o 24 de febreiro de 1936 ata a destitución de todas as corporacións municipais republicanas da provincia tralo golpe militar do mes de xullo, foi o principal artífice e inspirador das políticas municipais implementadas pola corporación nos pouco máis de cinco anos que durou a experiencia republicana, así como a referencia para os seus compañeiros do goberno municipal.

D. Manuel Vázquez González tivo a capacidade de manter unida a corporación municipal no difícil período no que a dirixiu, entre o 21 de outubro de 1934 e o 5 de xaneiro de 1936, data na que presentou a súa dimisión por motivos particulares.

E D. José María González González tamén foi quen de garantir, durante os meses que durou o seu mandato, o funcionamento do concello en liña coa labor iniciada en 1931, mantendo, así, un proxecto creado e compartido pola primeira corporación democrática de Amoeiro.

Os casos de D. Castor Sánchez Martínez, asasinado o 25 de agosto de 1936, e de D. José María González González, condenado á pena de morte o 25 de febreiro de 1938, que lle foi finalmente conmutada pola de reclusión perpetua tras cinco anos de encarceramento en Ourense, reflicten o amargo pago que lles infrinxiron as forzas antidemocráticas que sumiron durante catro décadas na

Informe de Acreditación de Méritos

represión e na posterior ditadura a todo un pobo, e xustifican –aínda con máis motivo- o seu merecido outorgamento de vial público en lembranza tanto dos méritos como dos padecementos que sufriron pola súa condición de representantes públicos.

Correspondeulle a D. José González Pérez reiniciar a democracia en Amoeiro tras a longa etapa de ditadura franquista. En consecuencia, recaeu sobre el a responsabilidade de impulsar procedementos democráticos nunha administración municipal acostumada á autocracia. Máis aló do ámbito administrativo, promoveu durante as dúas lexislaturas nas que rexeu Amoeiro (1979-1983 e 1983-1987) a mellora das comunicacións, iniciou a construción do centro de saúde e contribuíu ao embelecemento do municipio no campo de Souto. Tales méritos foron sinalados no informe do Xuíz Instrutor, D. Ricardo Fernández Rodríguez, que acreditou os seus méritos, así como os referidos ao seu compañeiro e sucesor na alcaldía: D. Manuel Fernández Rincón.

D. Manuel Fernández Rincón foi, durante 20 anos (dende 1987 ata 2007), alcalde de Amoeiro, e neste longo espazo de tempo axudou a consolidar a democracia no municipio e implicouse na mellora de condicións de vida da cidadanía, tanto no referido ao acceso a recursos básicos (abastecemento e saneamento) como na dotación de infraestruturas municipais -entre as que deben subliñarse o creación da actual casa consistorial, así como a construción do pazo de deportes, a casa de cultura e a finalización do centro de saúde, entre outras-, e na mellora e creación de camiños e vieiros de comunicación, entre os que deben destacarse as estradas que unen Santa Cruz e Trasalba, ou Parada e o Viñao.

Estes son, de xeito necesariamente abreviado, os méritos acreditados de cinco alcaldes de Amoeiro, cuxos merecementos foron recoñecidos previamente outorgándoselles os máximos galardóns de honra municipais, e para os que se solicita agora unha nova e, ó noso entender, merecida honra.

Unha honra que consiste na asignación dunha vía pública a cada un destes membros distinguidos da corporación de Amoeiro, cuxa localización sitúase a carón dos domicilios dos mesmos coa excepción de D. Castor Sánchez Martínez, cuxa vivenda foi derrubada polas obras do tren de Alta Velocidade Española (AVE) ó seu paso por Parada, privando ó municipio dun lugar no que lembrar a

quen foi admirado rexedor e vítima da barbarie franquista, conducindo tales motivos a considerar ó concello como seu simbólico lar, e propondo á rúa que o comunica co pobo como espazo que impida o esquecemento da súa memoria.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Que se concedan as seguintes vías públicas:

- A D. Castor Sánchez Martínez: a Rúa Castor Sánchez Martínez, substituíndo á actual Rúa Bazacos.
- A D. Manuel Vázquez González: a Rúa Manuel Vázquez González, substituíndo á actual Rúa Fontevella.
- A D. José María González González: a Praza José María González González, substituíndo á actual Rúa Os Casares no entorno da praza de dita poboación.
- A D. José González Pérez: a Rúa José González Pérez, substituíndo á actual rúa Ourense no tramo comprendido entre a rúa de Santiago e o cruce da actual rúa Ourense coa estrada de Abruciños.
- A D. Manuel Fernández Rincón: a Rúa Manuel Fernández Rincón, substituíndo á actual Rúa de As Figueiras no espazo comprendido entre os cruces anterior e posterior ao fogar do homenaxeado.

O que asino en Amoeiro, a 20 de Outubro de 2014

Asdo: Adolfo González Nóvoa